

Orde do 11 de xuño de 2009 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de bolsas de residencia para a realización de estudos universitarios no curso 2009-2010 en centros do sistema universitario de Galicia, destinadas aos galegos e galegas e aos seus descendentes que teñan a súa residencia familiar en territorio español fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

O Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro, transferiulle á Comunidade Autónoma de Galicia competencias en materia de universidades. Estas competencias foron asumidas pola comunidade autónoma e asignadas á Consellería de Educación no Decreto 62/1988, do 17 de marzo. A Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia, determina a constitución do sistema universitario de Galicia con tres universidades: a Universidade da Coruña, a de Santiago de Compostela e a de Vigo.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Universidades, está a levar adiante unha política de asistencia económica aos estudantes que queda concretada en diversas accións co obxecto de favorecer, dentro das limitacións orzamentarias, a calidade, a competencia, a igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico. Nesta liña, con esta orde preténdese que os galegos e galegas, ou os seus descendentes, residentes noutra comunidade autónoma teñan a posibilidade de formarse nas universidades do sistema universitario de Galicia, ao tempo que contribuír ao fortalecemento das súas orixes galegas.

Polo que antecede, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto.

Convócanse bolsas de residencia, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas aos galegos e galegas ou aos seus descendentes, que teñan a súa residencia familiar en territorio español fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, para a realización de estudos universitarios presenciais conducentes ao título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico, no curso académico 2009-2010, nalgunha das universidades do sistema universitario de Galicia.

Artigo 2º.-Orzamento.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria financiará estas axudas con cargo á aplicación orzamentaria 09.04.422C.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, cunha contía global máxima de 20.000 euros. Non obstante, pode ser incrementada no caso de produ-

cirse remanente doutras convocatorias financiadas con cargo á mesma aplicación orzamentaria, de acordo co disposto no artigo 31.2º, apartado b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3º.-Período.

As actividades que se subvencionan nesta convocatoria serán realizadas durante o curso académico 2009-2010.

Artigo 4º.-Requisitos.

1. Poderán solicitar estas axudas os estudantes que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ser galego ou descendente de galegos en liña directa (pais-fillos-netos) e ter a súa residencia familiar en territorio español fóra da Comunidade Autónoma de Galicia no momento da publicación desta convocatoria.

b) Acreditar a súa admisión nun centro dalgunha das tres universidades galegas para seguir estudos presenciais conducentes ao título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico e estar matriculado no curso académico 2009-2010 como mínimo en 50 créditos.

c) Posuír unha nota media no seu expediente académico igual ou superior a 1 punto, calculada cos parámetros publicados por resolución da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005, DOG do 23 de marzo. No caso de alumnos de ensinanza técnica, a nota obtida polo/a alumno/a multiplicarase por un coeficiente corrector de 1,35 puntos. Os/as alumnos/as que inicien por primeira vez o primeiro curso universitario deberán ter unha nota de acceso á universidade igual ou superior a 5,5 puntos.

2. Poderán solicitar a renovación aqueles/as alumnos/as que foron beneficiarios/as desta bolsa na convocatoria anterior. Para serlles concedida unha nova, deberán ter superado o 75% das materias ou créditos en que estiveron matriculados no curso 2008/2009.

3. Quedan excluídos desta convocatoria os/as alumnos/as que estean en posesión ou reúnan os requisitos legais para a expedición do título de grao, licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, que realicen estudos de máster universitario, terceiro ciclo ou doutoramentos, estudos de especialización, títulos propios das universidades e outros estudos de posgrao.

Artigo 5º.-Solicitudes e prazo de presentación.

1. A solicitude, segundo o modelo ED 428A, que se publica como anexo a esta orde, asinada polo interesado e todos os membros da familia computables para efectos tributarios, poderá presentarse:

a) No Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, dirixida á Secretaría Xeral de Universidades, edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do

procedemento administrativo común, para a presentación de instancias.

b) Nos rexistros oficiais das universidades do sistema universitario de Galicia, de conformidade coa Resolución do 25 de xuño de 2007, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se dispón a publicación do convenio de colaboración entre esta consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo en materia de rexistros administrativos.

Se a solicitude é remitida por correo presentarase en sobre aberto para que sexa datada e selada polo/a funcionario/a de correos antes de que proceda á súa certificación postal.

Non se admitirán como medio de presentación de solicitudes os servizos de mensaxaría privados.

2. A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

a) Copia do DNI/NIF do/a solicitante e de todos os membros da familia computables para efectos tributarios.

b) Copia compulsada do libro de familia ou documento acreditativo da súa condición de galego/a ou con ascendencia galega.

c) Certificado de empadramento nun concello de fóra da comunidade autónoma de todos os membros da unidade familiar.

d) Certificación académica orixinal completa, ou copia compulsada dela con expresión da nota media simple do expediente, na cal se fará constar o número de créditos superados, segundo a valoración académica, con especificación das convocatorias dos estudos realizados polo/a solicitante, a súa duración en anos académicos, materias cursadas e cualificacións obtidas, así como a escala de notas aplicada polo centro onde realizou os seus estudos. Para os/as que accedan ao 2º ciclo desde unha titulación de 1º ciclo, certificación académica do 1º ciclo dos seus estudos universitarios.

O alumnado que acceda ao primeiro curso dos seus estudos universitarios a través das probas de acceso á universidade deberá presentar o certificado da comisión organizadora das probas de acceso a estudos universitarios conforme é considerado apto para o ingreso na universidade. Así mesmo, para o alumnado de formación profesional que solicite o ingreso nos estudos universitarios a que lle dá acceso a súa titulación deberá presentar a certificación académica dos estudos realizados con expresión da nota media do expediente.

e) Xustificante de matrícula en estudos universitarios correspondente ao curso académico 2009-2010.

f) Declaración responsable en que o solicitante indique se ten ou non solicitada ou concedida outro tipo de bolsa ou axuda para a actividade obxecto desta orde ante as administracións públicas ou outros entes públicos. Con este documento entende-

rase cumprido o requisito exixido previo ao pagamento.

g) Documento facilitado pola entidade bancaria a nome do/a solicitante, en que conste o número de conta do cliente e os códigos que identifican o banco, a oficina e o dígito de control.

h) No caso en que o solicitante alegue a súa independencia familiar e económica, calquera que sexa o seu estado civil, deberá acreditar suficientemente esta circunstancia, os medios económicos con que conta e a titularidade ou aluguer do seu domicilio, que, para todos os efectos, será o que o alumno habite durante o curso académico. De non xustificar suficientemente estes extremos, a solicitude será obxecto de denegación.

i) O alumnado que teña a súa residencia familiar e domicilio fiscal nas comunidades autónomas de Navarra e País Vasco deberá presentar copia selada pola Axencia Tributaria da declaración da renda da unidade familiar correspondente ao exercicio 2008 ou certificado resumo, expedido pola Axencia Tributaria, de tela presentada. As persoas non obrigadas a declarar presentarán certificación dos datos existentes na Administración, expedida pola Axencia Tributaria.

3. O prazo de presentación de solicitudes comprenderá desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o día 30 de setembro de 2009.

Artigo 6º.-Exposición de listaxes provisionais.

1. Unha vez examinadas as solicitudes e a documentación presentada polos solicitantes, expóranse as listaxes provisionais de solicitudes admitidas e as excluídas, sinalando os motivos de exclusión, nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos territoriais e nas vicerreitorías de estudantes das tres universidades galegas. Así mesmo, poderán ser consultadas no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: www.edu.xunta.es.

2. As listaxes provisionais serán expostas o día 16 de outubro. Os interesados disporán dun prazo de reclamación comprendido desde o día 17 ao día 28 de outubro de 2009, ambos os dous incluídos, e poderán durante ese prazo formular reclamacións ou emendar erros e falta de documentación ante a Secretaría Xeral de Universidades, presentando, se é o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión considerarase que o interesado desiste da súa petición, nos termos e condicións establecidos na Lei 30/1992.

Artigo 7º.-Comisión avaliadora.

1. A selección das solicitudes será realizada por unha comisión integrada por:

Presidente: o/a titular da Secretaría Xeral de Universidades ou, por delegación, o/a titular da Subdirección Xeral de Universidades.

- Vogais:
- O/a titular do órgano competente en materia de estudantes da Universidade da Coruña.
 - O/a titular do órgano competente en materia de estudantes da Universidade de Santiago de Compostela.
 - O/a titular do órgano competente en materia de estudantes da Universidade de Vigo.
 - O/xefe/a do Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios.
 - Secretario/a: un/unha funcionario/a da Secretaría Xeral de Universidades, que actuará con voz e voto.

2. Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún dos compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da secretaría xeral ou da universidade correspondente, en virtude da súa representación.

Artigo 8º.-*Selección.*

1. A selección será realizada pola comisión avaliadora en atención á cualificación obtida polo/a alumno/a en orde directamente proporcional á nota media do expediente académico. No caso de posuír a mesma nota media de expediente académico, terán preferencia para a concesión da axuda aqueles/as alumnos/as que teñan superado un maior número de créditos.
2. A comisión, tendo en conta a prioridade outorgada de acordo coa puntuación do expediente académico, aplicará os criterios establecidos no artigo 9º para determinar a contía que corresponda a cada alumno beneficiario ata o límite do orzamento dispoñible.

Artigo 9º.-*Criterios para a determinación da contía.*

1. A contía que se percibirá determinárase atendendo aos seguintes criterios:

Criterios		Contía
1. Expediente académico, aplicando os seguintes tramos segundo a media:		
a) Nota media de estudantes universitarios:		
1,00 a 1,49		1.000 €
1,50 a 1,99		1.100 €
2,00 a 2,49		1.200 €
2,50 a 2,99		1.300 €
3,00 a 3,49		1.400 €
3,50 a 4,00		1.500 €
b) Nota de acceso á universidade, alumnos que inician estudos:		
5,50 a 5,99		1.000 €
6,00 a 6,99		1.100 €
7,00 a 7,99		1.200 €
8,00 a 8,99		1.300 €
9,00 a 9,99		1.400 €
10,00		1.500 €
2. Distancia entre a residencia familiar do alumno da comunidade autónoma de fóra de Galicia e a sede da universidade en que vaia realizar os estudos	Área xeográfica A: CC.AA. de Asturias, Castilla-León e Cantabria.	500 €
	Área xeográfica B: CC.AA. de Euskadi, Navarra, Aragón, A Rioxa, Castilla-La Mancha, Extremadura e Madrid.	600 €
	Área xeográfica C: CC.AA. de Andalucía, Murcia, Valencia, Cataluña e Illes Balears.	700 €
	Área xeográfica D: C.A. de Canarias	800 €
3. Ingresos familiares: en rendas inferiores a 3.500 €/membro da unidade familiar		700 €

2. A dotación económica asignada a cada beneficiario non poderá superar os 3.000 euros.
3. O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que supere o custo da actividade subvencionada, de conformidade co artigo 17.3º da Lei 9/2207, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 10º.-*Resolución.*

1. Unha vez efectuada a selección pola comisión avaliadora, esta elevará, a través da Secretaría Xeral de Universidades, un informe-proposta á persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, quen emitirá resolución en que constará a relación de persoas que obteñen a axuda, outra de suplentes e outra de denegados coas causas de denegación, se os houber, nos termos e condicións que figuran no artigo 34º do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. Para os efectos establecidos no artigo 23.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de seis meses, contados a partir da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. O vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexitima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

3. Os/as solicitantes aos cales lles sexa denegada a axuda poderán solicitar a devolución da documentación presentada no prazo de dous meses a partir da publicación da resolución da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 11º.-*Pagamento.*

1. As axudas concedidas faranse efectivas mediante libramento único e directo na conta bancaria indicada polo/a beneficiario/a.
2. No caso de terse producido variación nos datos achegados na declaración responsable de axudas presentada coa solicitude, o/a beneficiario/a deberá achegar, no prazo de 10 días naturais desde o día seguinte ao da publicación da orde de resolución desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, unha nova declaración xurada en que consten os

cambios producidos. De non presentala neste prazo entenderase que non existe variación.

Artigo 12º.-*Incompatibilidades, obrigas e cumprimento dos/as bolseiros/as.*

1. Estas axudas son incompatibles coa percepción de soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria do/a bolseiro/a, e con calquera tipo de ingresos pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado, cando a contía percibida por estes conceptos sexa superior ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) para o ano 2008 (importe anual 6.202,80 euros), así como con calquera outra bolsa destinada a ese mesmo fin por algunha das administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

2. O alumnado que resulte beneficiario destas axudas comprométese ao cumprimento do establecido nesta convocatoria e na súa resolución, así como a cumprir as seguintes obrigas:

a) Incorporarse á universidade en que vai realizar os estudos ao comezo do curso académico 2009-2010 e cursar os estudos en que estea matriculado, con carácter presencial.

b) Residir durante o curso académico en Galicia.

c) Comunicar por escrito a renuncia á bolsa no caso de producirse unha causa que determine a dita renuncia.

d) Informar ao órgano concedente da obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado.

e) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, O Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, segundo dispón o artigo 14.1º k) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. O incumprimento total ou parcial de calquera das condicións establecidas nesta orde constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro, total ou parcial, polo/a beneficiario/a, segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo co procedemento establecido nos artigos 77º a 83º, inclusive, do regulamento da Lei 9/2007, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Disposicións adicionais

Primeira.-A presentación da solicitude de concesión de axuda comportará autorización á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para:

a) Obter da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e da Consellería de Facenda os datos de carácter tributario necesarios para a determinación da renda na unidade familiar. Todo isto enténdese sen prexuízo do establecido no artigo 5º, número 2. i).

b) Facer públicos nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas así como as sancións impostas cando proceda.

A reserva que o peticionario poida facer no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que se expresar por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvencións ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

c) De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co disposto no artigo 15.2º c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Segunda.-Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión segundo prevé o artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral de Universidades para adoptar os actos e medidas necesarios para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2009.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades

ANEXO

PROCEDIMENTO BOLSAS DE RESIDENCIA PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDOS UNIVERSITARIOS, NO CURSO 2009-2010 EN CENTROS DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA, DESTINADAS AOS GALEGOS E GALEGAS E AOS SEUS DESCENDENTES QUE TEÑAN A SÚA RESIDENCIA FAMILIAR EN TERRITORIO ESPAÑOL FÓRA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO ED428A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--	---

RESIDENCIA EN GALICIA (ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN)

APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	DNI/NIF
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONOS	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	UNIVERSIDADE	FACULTADE	
TITULACIÓN/CURSO	☐ SOLICITA POR 1ª VEZ ESTA BOLSA ☐ SOLICITA RENOVACIÓN DESTA BOLSA		
BOLSAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS ☐ XUNTA ☐ MEC ☐ OUTRAS			

RESIDENCIA FAMILIAR FÓRA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	
PERSOAS QUE CONVIVEN NA RESIDENCIA FAMILIAR:			
APELIDOS	NOME	IDADE	PARENTESCO

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

☐ Fotocopia do DNI do solicitante e datos de todos os membros da familia computables para efectos tributarios. ☐ Documento acreditativo da condición de galego ou ascendencia galega, ou copia compulsada do libro de familia. ☐ Certificado de empadramento nun concello fóra da comunidade autónoma de todos os membros da unidade familiar. ☐ Certificación académica orixinal ou copia compulsada.	☐ Xustificante de matrícula correspondente ao curso académico 2009-2010. ☐ Declaración responsable en que o solicitante indique se ten ou non solicitada ou concedida outro tipo de bolsa ou axuda para a mesma finalidade. ☐ Documento facilitado pola entidade bancaria. ☐ Para o alumnado con domicilio nas CC.AA. de Navarra e País Vasco, copia compulsada da renda exercicio 2008.
---	---

Quen abaixo asina DECLARA QUE: presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente. A persoa que abaixo asina fai unha declaración responsable de que non está incurso nalguna das circunstancias para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 punto 2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoos/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 11 de xuño de 2009 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de bolsas de residencia para a realización de estudos universitarios no curso 2009-2010 en centros do sistema universitario de Galicia, destinadas aos galegos e galegas e aos seus descendentes que teñan a súa residencia familiar en territorio español fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.</i>	(Para cubrir pola Administración) <table border="1"> <tr> <td>RECIBIDO</td> <td rowspan="2"> NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____ </td> </tr> <tr> <td>REVISADO E CONFORME</td> </tr> </table>	RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____	REVISADO E CONFORME
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____			
REVISADO E CONFORME				
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA _____ _____, de _____ de _____				

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Secretaría Xeral de Universidades.
Edif. administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela

A/as persoa/s abaixo asinante/s autoriza/n a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Xunta de Galicia información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control da axuda, cando a persoa que figura na liña A desta autorización poida resultar beneficiaria.

Esta autorización outórgase exclusivamente para os efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda mencionada anteriormente e en aplicación da normativa vixente no imposto sobre a renda das persoas físicas, e no artigo 95.1º k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, despois da autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

A ocultación ou inexactitude dos datos e circunstancias declaradas dará lugar á denegación ou revogación da axuda.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: DATOS QUE POSÚA A AXENCIA TRIBUTARIA DO IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS DO ÚLTIMO EXERCICIO

A.- DATOS DO/DA SOLICITANTE DE AXUDA DETALLADA QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN

APELIDOS E NOME	NIF	SINATURA

B.- DATOS DOUTROS MEMBROS DA FAMILIA DO SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECEMENTO, SEGUIMENTO E CONTROL DA AXUDA (unicamente maiores de 18 anos)

PARENTESCO CO SOLICITANTE	ESTADO CIVIL	NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

C.- OUTROS MEMBROS DA FAMILIA QUE RESIDAN NO MESMO DOMICILIO

PARENTESCO CO SOLICITANTE	ESTADO CIVIL	NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

NOTA: a autorización concedida polo asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

DATOS ECONÓMICOS DO ÚLTIMO EXERCICIO

Se calquera dos membros da unidade familiar non presentou a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao último exercicio, ou tivo ingresos adicionais que non figuren na declaración, cubra os seguintes datos:

Nome do/da receptor/a	Ingresos totais
TOTAL UNIDADE FAMILIAR	

NOTA: neste punto deben incluírse, en todo caso, calquera tipo de ingresos (pensións, bolsas MEC, etc.) que non estean consignados nas declaracións presentadas xunto con esta solicitude.